

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE MAIO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

No salón de sesións da Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas do día trinta de maio de dous mil dezaseis, presidida polo señor alcalde, D. Darío Antonio Piñeiro López, e coa asistencia dos concelleiros e concelleiras D. Pablo Rivera Capón, D<sup>a</sup>. Begoña López Magdalena, D. José Manuel García Aldegunde, D. Óscar Rodríguez Somoza, D. Santiago Cubillas Álvarez, D<sup>a</sup> Asunción Núñez Valcárcel, D. Daniel Antonio Fernández Fernández, D. José Manuel Neira Castro, D. Carlos Fernández Díaz e D. Iago Bande Cortizo reuniuse o pleno do concello, para realizar a sesión ordinaria. Dá fe do acto a secretaria do Concello D<sup>a</sup> Mónica Vázquez Fandiño.

Aberto o acto pola Presidencia procédese a tratar da seguinte

### **ORDE DO DÍA**

#### **1.- Aprobación da acta da sesión anterior 31/03/16.**

Pola presidencia pregúntase aos señores concelleiros se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión de referencia. Non producíndose ningún reparo nin alegación a acta é aprobada por dez votos a favor dos señores concelleiros D. Darío Antonio Piñeiro López, D. Pablo Rivera Capón, D<sup>a</sup>. Begoña López Magdalena, D. José Manuel García Aldegunde, D. Óscar Rodríguez Somoza, D. Santiago Cubillas Álvarez, D<sup>a</sup> Asunción Núñez Valcárcel, D. Daniel Antonio Fernández Fernández, D. José Manuel Neira Castro e D. Iago Bande Cortizo e unha abstención do señor concelleiro D. Carlos Fernández Díaz.

#### **2.-. Sorteo dos membros das mesas electorais Eleccións Xerais do 26 de xuño de 2016.**

Un representante de cada partido acompañados da secretaria da Corporación acoden ás oficinas xerais para efectuar o sorteo utilizando o programa informático do padrón municipal. Igualmente solicítase autorización para realizar polos funcionarios encargado do padrón e secretaria municipal un sorteo de reservas para o caso de aceptación de excusas pola xunta electoral, de ser requiridos para tal fin pola Xunta electoral de zona de Lugo.

Realizado o sorteo de membros das mesas electorais para os comicios do vindeiro día 26 de xuño, arroxa o seguinte resultado:

#### **Distrito 1 -Sección 001 -Mesa A**

TITULARES:

Presidente/a: Dona Marta Salgado López

---

### **Concello de Láncara**

1r Vogal: Dona Nathalie Díaz Vázquez

2ª Vogal: Dona María Cruz García Álvarez

SUPLENTES

1r de presidente/a: Don José Antonio Fernández Garrido

2º de presidente/a: Dona Rocio González Árias

1r de 1r vogal: Dona Vanessa Balboa Amado

2º de 1r vogal: Don Miguel Angel Ruiz García

1r de 2º vogal: Dona María Cristina Rodríguez Vázquez

2º de 2º vogal: Dona Josefa Rey López

**Distrito 1 -Sección 001 –Mesa B**

TITULARES:

Presidente/a: Dona Alba Otero Cela

1r Vogal: Don Carlos Rodríguez González

2ª Vogal: Don Oscar García Teijeiro

SUPLENTES

1r de presidente/a: Dona Patricia Fernández González

2º de presidente/a: Dona Ana Belén Fernández Torres

1r de 1r vogal: Don Noel Herbón Sobrado

2º de 1r vogal: Dona María Jesús Ferreiro Rodríguez

1r de 2º vogal: Don José Luis López Armada

2º de 2º vogal: Dona Dolores Díaz Marón

**Distrito 1 -Sección 002 –Mesa U**

TITULARES:

Presidente/a: Don Carlos López Díaz

1r Vogal: Don Juan Francisco Martínez Ageitos

2ª Vogal: Dona María Julia Valin Santas

SUPLENTES

1r de presidente/a: Dona Ana Díaz Árias

2º de presidente/a: Don José Luis Fernández Andión

1r de 1r vogal: Don Salvador Vázquez Gómez

2º de 1r vogal: Don Diego López López

1r de 2º vogal: Don José Soto López

2º de 2º vogal: Don José Manuel González Castaño

**Distrito 1 –Sección 003 –Mesa A**

TITULARES:

Presidente/a: Dona Raquel Pérez Digón

1r Vogal: Don Pedro Rego López

2ª Vogal: Dona María Luisa Valcárcel Fernández

SUPLENTES

1r de presidente/a: Don Miguel Angel Valcarcel Fernández

2º de presidente/a: Don Juan Rubio Capón

1r de 1r vogal: Dona María Gómez López

2º de 1r vogal: Don José Jorge Rubio García

1r de 2º vogal: Don José Juan Rubio López

---

**Concello de Láncara**

2º de 2º vogal: Dona Vanessa Pérez Díaz

**Distrito 1 - Sección 003 –Mesa B**

TITULARES:

Presidente/a: Dona Ana Sangil López

1r Vogal: Don Manuel Sobrado Vázquez

2ª Vogal: Don Juan Antonio Díaz Pumariño

SUPLENTES

1r de presidente/a: Dona Maite López Pena

2º de presidente/a Dona Marili López Díaz

1r de 1r vogal: Dona Iria María Pérez Mouriz

2º de 1r vogal: Don Diego Fernández Cela

1r de 2º vogal: Don Francisco Fernández Quiñoa

2º de 2º vogal: Don Marcos Álvarez Folgueiras.

O Pleno queda enterado.

**3.- Dar conta do período medio de pago 1º Trimestre 2016.**

Polo señor alcalde deuse conta da información subministrada á Oficina Virtual das Entidades Locais, en cumprimento das obrigas introducidas pola LO 2/2012, de 27 de abril en relación ó período medio de pago, definido posteriormente no RD 635/2014, de 25 de xullo, como o indicador que mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos;

1º trimestre 2016

Ratio pagadas	Ratio pendentes	Periodo medio de pago	Importe total pagado	Importe total pendiente
-3,7	-12,41	-6,18	129.793,98	51.701,86

Tamén explica que neste concello o cómputo do prazo do pago das facturas faise desde que estas entran no rexistro de facturas do Concello, e non dende o recoñecemento da obriga.

O pleno quedou enterado.

**4.- Proposta de alcaldía de adhesión á Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales orientáis-GDR3.**

Deuse lectura á proposta de alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á ADHESIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MONTES E VALES ORIENTAIS GDR-3

Por parte da Asociación epigrafada solicítase a incorporación do noso Concello á dita asociación, se ben nestes intres aínda que xa dispoñemos dos estatutos todavía non coñecemos as cuotas que serán obrigatorias derivadas desta adhesión.

Esta Asociación carece de ánimo de lucro, encontrando cobertura legal no artigo 22 da Constitución Española, e na Lei

**Concello de Lánacara**

Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Polo exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á incorporación do Concello de Lánacara á Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales orientáis-GDR3 de acordo cos Estatutos de constitución asinados o 19 de maio de 2016, condicionada ó montante das obrigas económicas que nos obrigue a nosa pertenza.

Segundo: Facultar ampla e expresamente ao señor alcalde-presidente, don Darío A. Piñeiro Lopez, para que asine o documento de adhesión.

Tercero: Nomear como representante deste Concello na Asociación ao señor alcalde-presidente”.

Continúa o señor alcalde explicando que houbo intentos de facer un grupo comarcal, pero que non prosperou. Neste grupo todos os concellos son de alta montaña, hai uns tres millóns de euros de fondos para repartir e investir. Aínda non sabemos a canto vai ascender a cota anual pola pertenza ó grupo.

Intervén o señor Neira Castro para dicir que Lánacara é un concello de montaña e que Sarria non.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo di que lle parece interesante participar porque se pode acceder a axudas. O custe é mínimo tendo en conta as axudas ás que podemos acceder.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez di que lle parece que a discusión sobre a pertenza a este grupo chega tarde, xa pasou o período de alegacións. Pregunta se hai algún plan estratéxico, se se organizaron charlas como noutros concellos.

O señor alcalde di que charlas houbo en Sarria para intentar facer un grupo comarcal. Todavía non hai nin directiva nomeada. Propoño que nos adhiramos sempre que as obrigas económicas non superen os 2.000 euros.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (once), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía relativa á adhesión á Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales orientáis-GDR3.

### **5.- Proposta de alcaldía relativa a instar a solicitude de declaración da Feira da Tenreira Galega como festa de interese turístico de Galicia.**

Deuse lectura á proposta de alcaldía epigrafada que é do seguinte teor literal:

“Proposta de alcaldía relativa a instar a solicitude de declaración

da Feira da Tenreira Galega como <<Festa de interese turístico de Galicia>>.

Vimos de realizar a XVIII edición da Feira de Tenreira Galega. O éxito acadado nesta edición, igual que noutras anteriores, anímanos a intentar conseguir a declaración desta festa como de interese turístico de Galicia.

O procedemento para obter esta declaración regúlase no Decreto 4/2015, de 8 de xaneiro (DOG do 20/01/2015). Cremos que estamos en condicións de reunir a documentación necesaria e de cumprir os requisitos que esixe esta normativa.

Non é necesario volver a resaltar a importancia que ten a Feira para o Concello, así como o interés que desperta na cidadanía.

Polo tanto, a Feira da Tenreira Galega debe ser declarada "Festa de interés turístico", petición que formulamos á Xunta de Galicia.

Polo tanto, propónse ó Pleno

Primeira.- Instar a solicitude de declaración da Feira da Tenreira Galega como <<Festa de interese turístico de Galicia>>.

Segundo.- Facultar ó alcalde para adoptar e asinar todos os acordos necesarios tendentes ó cumprimento das obrigas incluídas no Decreto 4/2015, de 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia".

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (once), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía relativa a instar a solicitude de declaración da Feira da Tenreira Galega como festa de interese turístico de Galicia.

## **6.- Proposta de alcaldía relativa á "legalización" da ocupación por parte de Telefónica de España, SA dunha porción de terreo no Campo da Feira.**

Deuse lectura á proposta que se transcribe:

"Proposta de alcaldía relativa á "legalización" da ocupación por parte de Telefónica de España, SA dunha porción de terreo no Campo da Feira

Como ben sabedes todos os concelleiros, no Campo da Feira Telefónica de España, SA ocupa unha superficie de 440 metros cadrados onde está construída una caseta e unha torre de telecomunicacións. Esta situación data do acordo do Pleno do Concello de 29 de xullo de 1996.

A día de hoxe o Concello non está en condicións de exercitar as

---

### **Concello de Láncara**

facultades de recuperación posesoría do citado inmovible, pois o traslado desas instalacións de Telefonía Móbil ocasionaría problemas nas telecomunicacións do Concello, xa que estas utilízanse por varios operadores de telefonía.

Ademáis, temos que ter en conta, o que dispón a normativa en materia de telecomunicacións, xa que o capítulo II, da Lei 9/2014 de Telecomunicacións, recoñece aos operadores o dereito á ocupación do dominio público e da propiedade privada para a instalación de redes de comunicacións electrónicas, prevendo que a ocupación ou o dereito de uso do dominio público non poderá ser outorgada por procedemento de licitación (artigo 30 Lei 9/2014).

Así as cousas, aínda que o recoñecemento deste dereito de ocupación por parte da lei ós operadores de telecomunicacións existe, esto non é obstáculo para a aplicación da lexislación patrimonial das administracións públicas, cando as infraestruturas se pretenden instalar en bens de titularidade municipal.

En consecuencia, iniciamos conversas cos responsables da empresa, e lle fixemos saber que a lexislación patrimonial das administracións impide a cesión gratuíta a entidades mercantís con ánimo de lucro. No expediente consta informe técnico de valoración dos terreos, e a aceptación (por correo electrónico) das condicións económicas da ocupación.

Polo exposto, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Adxudicar a Telefónica de España, SA, con CIF A82018474 a utilización de 440 metros cadrados na parcela de referencia catastral 27026A004014460000ZL situada no Campo da Feira, nas seguintes condicións:

a) Cesión de uso de carácter oneroso con destino ó desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto social das empresas do GRUPO TELEFONICA.

b) O prezo do contrato fíxase en 6.000 euros anuais, IVE excluído, que deberá pagarse por anticipado durante o primeiro trimestre de cada ano. A estes efectos, para o presente exercicio 2016, o prezo prorratearase mensualmente a razón de 500 euros mensuais, IVE excluído. Este prezo será actualizado anualmente de acordo coas variacións do IPC no exercicio anterior.

c) Asunción por parte de Telefónica de España, SA dos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar o ben segundo a súa natureza e de entregalo no estado en que se recibe. Tamén serán da súa conta os consumos de luz, teléfono, auga, e outros privativos do inmovible

---

### **Concello de Lán cara**

cedido.

d) A duración do contrato será de dez anos prorrogable por un prazo que non exceda da metade do prazo inicial.

Ó termo da vixencia do contrato o de calquera das súas prórrogas, Telefónica de España, SA deberá desaloxar e deixar libre e a disposición do concello o inbible obxecto do contrato. Calquiera demora no desaloxo do inbible non poderá considerarse, en modo algún, como novación ou prórroga do contrato.

O retraso imputable a telefónica de España, SA suporá a perda da renda vixente por mensualidades completas.

e) A subrogación dun terceiro nos dereitos e obrigas do adxudicatario (cesión do contrato), requirirá a autorización expresa do órgano competente para adxudicar o contrato (artigo 107.5, da LPAP.

f) O compromiso de previa obtención á súa costa de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou a actividade a realizar sobre o ben.

g) A asunción da responsabilidade derivada da ocupación, coa obrigatoriedade de formalizar a oportuna póliza de seguro.

h) A resolución anticipada do contrato por calquera das partes deberá ser comunicada cunha antelación mínima de seis meses.

i) A xurisdición competente para resolver cantas cuestións puideran surdir por razón da interpretación ou incumprimento do presente contrato será a dos Tribunais e Xulgados de Lugo.

Segundo.- Facultar ó señor alcalde para a sinatura do contrato”.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do señor alcalde: “A situación era irregular, non estamos a conceder nada de novo a Telefónica, so pedimos que paguen pola ocupación, que xa estiveron de balde máis de vinte anos”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Daquela fixeron o aparcadoiro”.

Do señor alcalde: “A normativa incluso permite que poidan ocupar o terreo. Seguiremos negociando para saber se é posible outra ubicación, pero mentres teñen que pagar”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Nos pedimos que se retire esta proposta, entendemos que antes de adoptar acordo algún debe falarse cos veciños. Temos un precedente no tema do gas. Tamén hai precedentes no tema da antena de hai 15 anos, e sinaturas dos veciños ás que non se lles fixo caso. Parcécenos que

---

### **Concello de Lánacara**

por elegancia e por transparencia débese falar cos veciños, escoiteos.”

Do concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz: “Paréceme ben que se cobre, pero lembren que todos estivemos antes ou ben no goberno ou ben na oposición”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Estou de acordo en que se conte cos veciños. Igual que falou con técnicos de telefónica puido falar cos veciños. Se puideran trasladarse sería mellor que marcharan do Campo da Feira”.

Do señor alcalde: “Cando foi o do gas era para implantarse; telefónica xa está instalada. A proposta é legalizar un contrato para cobrar unha renda. A partir de aí, teremos as reunións que queirades. Alquilado está”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Hai algún informe técnico sobre as dificultades de traslado?”.

Do señor alcalde: “Si, pero iso non nos priva para cobrar”.

Do concelleiro do grupo municipal popular, señor Neira Castro: “Eu digo que lles esixamos máis cobertura en Lán cara”.

Do voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: “Cremos que afastar a antena protéxenos máis e non é así”.

Do señor alcalde: “Podemos sentarnos a negociar o que queirades, pero mentres temos que cobrar. Como vedes hai unha cláusula de denuncia con seis meses de antelación”.

Do concelleiro do grupo municipal popular, señor Neira Castro: “Se non facilitamos non habería cobertura, pero que conste en acta que solicitamos unha que pedimos unha reunión con Telefónica”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Estades a facer as cousas ó revés. Primeiro asinas o contrato e despois negocias. Que pasa se falas antes cos veciños?, Costa tanto facer unha xuntanza?”.

Do señor alcalde: “A miña obriga é traela ó pleno, non creo que sexa normal falar antes cos veciños que co pleno. Se queredes mañá os citamos, pero mentres legalizamos a situación”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Que conste que nos pedimos que nas cláusulas se inclúe que queremos que se negocie unha mellor cobertura, poderase incluír?”.

A secretaria di que a proposta versa sobre o uso do ben patrimonial e calquera outro tipo de peticións teñen que ser obxecto de outro expediente.

Do señor alcalde: “Estamos mezclando dúas cousas distintas”.

---

### **Concello de Lán cara**



Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "Pois eu creo que é o momento de presionar, de pedir máis cobertura".

Do señor alcalde: "O acordo é sobre o alquiler, e despois chamámoslos a unha xuntanza".

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: "É moito inconveniente preguntar ós veciños?"

Do señor alcalde: "Antes que ó pleno?. Que conste en acta que imos invitar ós voceiros a unha xuntanza con Telefónica para pedir mellor cobertura".

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (once), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía relativa á "legalización" da ocupación por parte de Telefónica de España, SA dunha porción de terreo no Campo da Feira.

### **7.- Proposta de alcaldía relativa á amortización do crédito concertado no Plan de Pago a Provedores do ano 2012.**

Deuse lectura á proposta de alcaldía que se transcribe:

"Proposta de alcaldía relativa á amortización anticipada da totalidade da débeda pendente do préstamo concertado para acollerse ó Plan de Pago a Provedores no ano 2012.

Pasaron case catro anos dende que o Concello se acolleu ó mecanismo de Plan de Pago a Provedores, que supuxo a concertación dunha operación de crédito para o pago da débeda comercial do Concello e a aprobación dun Plan de Axuste de 2012-2022.

Nese Plan de Axuste fixéronse uns obxectivos que realmente non se conseguiron, pois no ano 2013 o Concello incumpriu o principio de estabilidade presupostaria.

Moitas das medidas incluídas naquel plan de axuste quizais non foron acertadas, pero dende xuño de 2015 temos posto en marcha outras medidas (asunción de servizos que estaban externalizados, revisión de contratos de servizos antigos, eliminación da gratificación do secretario de paz, revisión de condicións e cotización dalgúns traballadores, configuración en branco e negro das impresoras municipais,.....) que nos permitiron aventurar que iamos saldar o exercicio 2015 cumprindo os parámetros que esixe a a normativa vixente

—□□□ límite de débeda,

—□□□ obxectivo de estabilidade presupostaria,

---

### **Concello de Láncara**

—□□□ a regra de gasto

—□□□ período medio de pago a provedores,

Por este motivo, no Pleno de 31/03/2015 autorizamos unha modificación de crédito con cargo ó remamente líquido de tesourería, por importe de 55.616,30 euros, con destino a amortizar débeda, cancelando o préstamo concertado co ICO para a financiación do Plan de Pago a Provedores.

Polo exposto, proponse ó pleno a adopción do seguinte acordo

Amortizar anticipadamente a totalidade da débeda pendente do préstamo concertado para acollerse ó Plan de Pago a Provedores no ano 2012

Comunicar á Oficina Virtual das Entidades Locais con ocasión da remisión do informe trimestral a 30/06/2016 que este é o último trimestre de vixencia do Plan de Axuste 2012-2022”.

Aberto o debate prodúcese as seguintes intervencións:

Do concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz: “A verdade é que non te estabas axustando moito ó Plan de Axuste”.

Do señor alcalde: “Eu creo que si. Uns gastastedes e outros vámolos pagar”:

Do concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz: “Deixamos os recursos para pagalo”.

Do señor alcalde: “Porque temos os cartos pagamos o crédito, ter cartos e manter o plan de axuste sería de tontos”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Iguais interesa non amortizar, depende das necesidades”.

Do señor alcalde: “O concello pode sacar créditos para bachear as pistas pero non para pagar as dietas dos concelleiros”.

Do concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz: “Non sería culpa dos concelleiros”.

Do señor alcalde: “Miña tampouco, eu votei en contra”.

Do concelleiro do grupo municipal popular, señor Neira Castro: “Sería para algo máis”.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (once), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía relativa á amortización anticipada da totalidade da débeda pendente do préstamo concertado para acollerse ó Plan de Pago a Provedores no ano 2012.

---

### **Concello de Láncara**

### **8.- Expediente de modificación de créditos nº 3 de transferencia de créditos.**

Deuse lectura á providencia de alcaldía que conta con informe favorable da intervención:

“No anexo de investimentos do presuposto para 2016 existe crédito presupostario na partida 334.619.06 de “Posta en valor do Camiño Real”

Finalmente a actuación que pretendemos realizar é á “Mellora e Acondicionamento do Tramo da Igrexa de Gallegos dirección Asfarrapas”, polo que é necesario realizar unha transferencia de créditos entre distintas Áreas de Gasto,

Propoño,

Primeiro.- Que por Secretaría Intervención se emita informe sobre a procedencia de realizar transferencias de crédito no vixente estado de gastos.

Segundo.- As partidas de gastos afectadas son as seguintes:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	AUMENTO	DIMINUCIÓN
334.619.06	Posta en Valor Camiño Real		20.000
454.619.06	Mellora e Acondionamento Tramo da Igrexa de Gallegos dirección Asfarrapas	20.000	
	<b>TOTAIS</b>	+20.000	-20000”

O señor alcalde continúa dicindo que temos pedida unha subvención para sinalización, e por iso transferimos o crédito desta partida para mellora do tramo do camiño.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, pregunta canto é o tramo.

O señor alcalde dille que un kilómetro e medio.

O concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz, pide que xa que se fai, que se faga ben.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (once), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos nº 3 de transferencia de créditos, con exposición ó público durante quince días hábiles.

### **9.- Proposta de alcaldía relativa ó recoñecemento e liquidación da obriga da factura nº A/10 emitida por Diurbagal Galicia, SL o día 30 de abril de 2015 por importe de 5.428,06 euros.**

Deuse lectura á proposta de alcaldía que se transcribe:

---

#### **Concello de Lán cara**

“Proposta de alcaldía relativa ó recoñecemento e liquidación da obriga da factura nº A/10 emitida por Diurbagal Galicia, SL o día 30 de abril de 2015 por importe de 5.428,06 euros.

No ano 2010 o Concello executou a obra “Recuperación de paseo histórico “A Ponte” de Puebla de San Julián a Escoureda: Construcción de Pasarela sobre el Río Neira y recuperación de jardines de Club Fluvial”, sendo contratista adxudicataria Diurbagal Galicia, SL.

Con data 30 de abril de 2015 ten entrada no rexistro do Concello a factura nº A/10 de 30 de abril de 2015 emitida por Diurbagal Galicia, SL, en concepto de “Recuperación da pasarela sobre o río Neira na ponte de Escoureda que foi desprazada ca baixada dos residuos procedentes de escombros de todo tipo que se toparon ca pasarela arrastrándoa de forma descendente hacia a dereita enclavándoa na beira dereita sendo necesaria unha grúa para poder asentala e arranxala na posición orixinal e logo colocación da rampa de acceso á ponte con madeira de pino tratada en autoclave”, por importe de 5.428,06 euros, IVE incluído.

Polo tanto faise necesario dar unha resolución expresa á empresa contratista, logo dunha análise do expediente por parte da intervención municipal debido ó tempo transcorrido entre a execución dos traballos e a presentación da factura.

Con data 8 de maio a secretaria interventora emite o seguinte informe que se transcribe:

“Antecedentes.-

*Primeiro.- Execución da obra “Recuperación de paseo histórico “A Ponte” de Puebla de San Julián a Escoureda: Construcción de Pasarela sobre el Río Neira y recuperación de jardines de Club Fluvial”, sendo contratista adxudicataria Diurbagal Galicia, SL.*

*Segundo.- Consta acta de recepción positiva de data de 15 de setembro de 2010 á que se xunta certificado final expedido pola dirección de obra, a cargo de Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado nº 2.339, da mesma data.*

*Terceiro.- Consta no expediente Informe xustificativo da reforma de cimentación de pasarela asinado por don Miguel Pose Fuentes, e acordo de xunta e goberno local en sesión realizada o día 14 de febreiro de 2011.*

*Cuarto.- Con data 30 de abril de 2015 ten entrada no rexistro do Concello a factura nº A/10 de 30 de abril de 2015 emitida por Diurbagal Galicia, SL, en concepto de “Recuperación da pasarela sobre o río Neira na ponte de Escoureda que foi desprazada ca baixada dos residuos procedentes de escombros de todo tipo que se toparon ca pasarela arrastrándoa de forma descendente hacia a dereita enclavándoa na beira dereita sendo necesaria unha grúa para poder asentala e arranxala na posición orixinal e logo colocación da rampa de acceso á ponte con madeira de pino tratada en autoclave”, por importe de 5.428,06 euros, IVE incluído.*

---

## **Concello de Lán cara**

*Quinto.- Acordo do pleno do Concello de Lán cara en sesión realizada o día 30 de xullo de 2015 no que se resolve solicitar informes ó secretario interventor, Servizos xurídicos da Deputación, ó director de obras e á Confederación Miño-Sil.*

*Sexto.- Con data 2 de decembro de 2015 Diurbagal Galicia, SL reitera o pago da factura nº A10 de 30 de abril de 2015.*

*Sétimo.- Con data 2 de decembro de 2015 Diurbagal Galicia, SL solicita a devolución das garantías constituídas para a execución da obra Recuperación de paseo histórico "A Ponte" de Puebla de San Julián a Escoureda: Construcción de Pasarela sobre el Río Neira y recuperación de jardines de Club Fluvial" por importe de 2.276,41 euros. O acordo de devolución das garantías constituídas consta en sesión da xunta de goberno local realizada o día 10 de xuño de 2014, con informe favorable do arquitecto director de obra de 19 de xuño de 2014. Non obstante, o aval non foi devolto ó contratista adxudicatario.*

*Oitavo.- Acordo da xunta de goberno local en sesión realizada o día 18 de decembro de 2015 requirindo informe do director de obra don Miguel Pose Fuentes ós efectos da procedencia ou non de devolución do aval.*

*Noveno.- Informe do director de obras de 18 de xaneiro de 2016 informando favorablemente a procedencia da devolución das garantías constituídas para a execución das obras.*

*Décimo.- Acordo da xunta de goberno local en sesión realizada o día 19 de febreiro de 2016 solicitando informe aclaratorio do técnico director das obras xa que na documentación que consta no expediente consta requirimento feito polo pleno do Concello con data 30 de xullo de 2015 para que o director das obras informe dos traballos realizados no ano 2011 por Diurbagal Galicia, SL logo dunhas riadas (obras facturadas o 30/04/2015), e por correo electrónico o señor Pose Fuentes informa de responsabilidades da contrata en execución das obras por deficiencias de anclaxe.*

*Undécimo.- Novo informe do director de obras de 11 de marzo de 2016 informando favorablemente a procedencia da devolución das garantías constituídas para a execución das obras.*

*Consideracións xurídicas.-*

*Primeira.- Do cumprimento do contrato de obras.*

*O modo normal de extinción do contrato de obras é como nos restantes contratos públicos, o cumprimento do seu obxecto. O artigo 221 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).*

*O artigo 222 TRLCSP establece que o contrato entenderase cumprido polo contratista cando éste realizara, de acordo cos seus termos e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación. En todo caso, a súa constatación esixirá por parte da Administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares por razón das súas características.*

*A regulación específica para o cumprimento do contrato de obras aparece nos artigos 235 e 236 do mesmo texto legal que regula a recepción e o prazo de garantía e a responsabilidade por vicios ocultos.*

*Sen embargo, a extinción do contrato de obras por cumprimento do*

---

## **Concello de Lán cara**

*contratista non acontece de xeito automático, xa que é o resultado dun procedemento (o do artigo 235), integrado por unha serie de trámites que tenden a constatar a observancia debida das obrigas contractuais.*

*Este procedemento de constatación do cumprimento do contrato iniciase unha vez rematadas as obras, e debe comprobarse que as obras se encontran en bo estado e se corresponden co proxecto aprobado no seu día, e debe constatar que as modificacións introducidas con posterioridade no proxecto orixinario, de ter lugar, foron correctamente executadas.*

*No expediente de contratación da obra "Recuperación de paseo histórico "A Ponte" de Puebla de San Julián a Escoureda: Construcción de Pasarela sobre el Río Neira y recuperación de jardines de Club Fluvial" consta acta de recepción positiva de 15 de setembro de 2010 á que se xunta certificado final expedido pola dirección de obra, a cargo de Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado nº 2.339, polo que debe entenderse que ese resultado positivo da recepción, extingue o contrato entre Diurbagal Galicia, SL e o Concello de Láncara por cumprimento, pero tal recepción non exonera ó contratista de toda responsabilidade.*

*A xurisprudencia en numerosas ocasións ten manifestado (Sentenza do Tribunal Superior de Xusticia de Castilla y León 978/2004 de 15 de xuño), que resultan tres periodos perfectamente diferenciados na responsabilidade dos contratistas:*

*O primeiro periodo de responsabilidade iniciase coa recepción da obra, que é o momento no que se produce a entrega ó Concello e comeza o **periodo de garantía** no que o contratista responde dos defectos de construción.*

*O periodo de garantía no expediente da obra obxecto deste informe é de un ano a contar dende a data de recepción da obra, polo que estendeu os seus efectos ata o día 15 de setembro de 2011.*

*Durante este periodo de garantía debe cumprirse coa función de observación e comprobación do estado real da obra. Tal e como establece o art. 235.3 do TRLCSP, dentro do prazo de quince días antes da finalización do prazo de garantía, o director facultativo das obras, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado da obra. Se o dito informe é favorable, o contratista queda relevado de toda responsabilidade, salvo a responsabilidade por vicios ocultos. En cambio, si este informe non é favorable, e os defectos observados se deben a deficiencias na execución da obra e non ó uso do construído, o director facultativo, procederá a ditar as oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación do construído.*

*O segundo periodo comeza cando termina o prazo de garantía e se refire ós "**vicios ocultos**", que son aqueles que non se puideron descubrir no periodo de garantía anterior, porque non tiñan unha manifestación externa, e determinan a ruína do construído. Este prazo é de quince anos a contar desde a recepción. Trátase dun prazo de garantía e non de prescripción da acción, por tanto si durante os quince anos seguintes á recepción se arruína a obra, responderá o contratista dos defectos dos que ésta adoleza.*

*O artigo 236 do TRLCSP establece que "Si a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá éste dos danos e perdas que se manifesten durante un prazo de quince anos a contar desde a recepción.*

*Transcorrido este prazo sin que se manifestara dano u perxuízo algún,*

---

## **Concello de Láncara**

quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista”.

O terceiro é o que se inicia **a partir dos quince anos desde a recepción das obras**, no que o contratista xa non ten responsabilidade algunha.

Sentado o anterior, a primeira cuestión a analizar é en que período de responsabilidade do contratista dos tres anteriores posibles se atopaba Diurbagal Galicia, SL cando a obra se arruinou, sendo necesarias a execución das obras facturadas en abril de 2015.

Consta no expediente informe do director da obra de 11 de marzo de 2016 que textualmente di “la referida obra sufrió un percance en el que la pasarela fue arrancada literalmente de su cimentación en enero de 2011 debido a una crecida anormal del río Neira, y a un muy endeble anclaje de la pasarela de madera a la cimentación de hormigón armado. Este defectuoso anclaje se considera un vicio oculto, puesto que se ejecutó sin la supervisión de la dirección de obra y al quedar embutido en la cimentación quedaba pues oculto a la vista e imposible de comprobar su sección”.

Estas incidencias ocorridas en fase de execución das obras non constan nin na acta de recepción positiva de 15 de setembro de 2010 nin no informe de febreiro de 2011 xustificativo da reforma parcial de cimentación da pasarela, documentos ambos expedidos polo arquitecto director de obras.

Queda pois acreditado que o defecto de execución de obra por parte do contratista quedou evidenciado dentro do prazo de garantía das obras, isto é dentro do primeiro período de responsabilidade antes exposto, período no que a dirección de obras debe cumprir coas obrigas que lle impón o artigo 235.3 TRLCSP, isto é, cumprir coa función de observación e comprobación do estado real da obra e redactar un informe sobre o estado da obra antes da finalización do periodo de garantía. En consecuencia, debe rexeitarse a cualificación como vicio oculto o feito de que a crecida do río arrancase a pasarela, toda vez que é presuposto imprescindible para a consideración de vicio oculto que este se produza unha vez expirado o período de garantía (artigo 235 TRLCSP).

Segunda.- Da contratación verbal das obras en xaneiro de 2011.

Compre en segundo lugar, determinar que consecuencias se derivan da execución das obras por Diurbagal Galicia, SL sen seguir o procedemento legalmente previsto no artigo 235.3 do TRLCSP e no resto dos preceptos que regulan a execución do contrato de obras do TRLCSP. E estas consecuencias non son outras que a dita contratación incorre en causa de nulidade de pleno dereito, e corresponde tramitar o procedemento de revisión de oficio contemplado no artigo 102 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

A existencia dunha causa de nulidade fai que a vía adecuada sexa a tramitación do procedemento de revisión de oficio, con exclusión de outras que segundo as circunstancias poderían servir para fundamentar o pago da cantidade reclamada polo contratista a fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

O carácter formal da contratación administrativa declárase no artigo 28 do TRLCSP. Neste precepto establécese a prohibición da contratación verbal, excepto que o contrato teña carácter de emerxencia, de conformidade co disposto no artigo 113.1. As contratacións que se realicen fora do marco legal establecido son nulas e, polo tanto, non poden ser efectivas nin se poden aboar ó contratista.

---

## **Concello de Lán cara**

O [artigo 32 do TRLCSP](#) establece que as causas de nulidade son as que indica o [artigo 62.1 da LRXPAC](#). Ademáis das previstas na [LRXPAC](#) –a referida a prescindir total e absolutamente do procedemento establecido–, o [TRLCSP](#) menciona a falta de capacidade de actuar ou de solvencia do adxudicatario, como tamén a prohibición de contratar e a falta ou insuficiencia de crédito, de conformidade coa normativa presupostaria. Cando se produce algunha das causas mencionadas, o vicio non pode subsanarse e, por tanto, non é posible validar o acto, nin por parte do órgano de contratación nin por parte de calquera outro órgano.

*Terceira.- Da responsabilidade do director de obras.*

Cando unha obra se arruína por defectos de construción a responsabilidade será indiscutiblemente imputable ó contratista, que en cumprimento dunhas obrigas de resultado, ben non interpretou correctamente as instrucións do director de obra ou ben escatimou na cantidade e calidade dos materiais empregados na súa construción. Dito isto, a responsabilidade do director de obras sitúase na fase de execución do proxecto, que debe supervisar que as obras se executan conforme ás especificacións do proxecto técnico e tendo en conta as normas legais e técnicas da construción. En consecuencia, a dirección de obra debe responder de todos aqueles vicios que son consecuencia da falta de supervisión, toda vez que a el corresponde resolver as continxencias que se producen na fase de execución das obras. Pero este deber de vixilancia non o fai responsable de todos os vicios de construción. En concreto, o director de obras responderá dos vicios ou defectos por deficiente execución das obras cando esteamos perante defectos graves que recaen sobre elementos esenciais da construción e que afectan á estrutura, solidez, e seguridade, entre os que se inclúe a cimentación.

*E no caso que nos ocupa o propio arquitecto director das obras recoñece "la referida obra sufrió un percance en el que la pasarela fue arrancada literalmente de su cimentación en enero de 2011 debido a una crecida anormal del río Neira, y a un muy endeble anclaje de la pasarela de madera a la cimentación de hormigón armado. Este defectuoso anclaje se considera un vicio oculto, puesto que se ejecutó sin la supervisión de la dirección de obra y al quedar embutido en la cimentación quedaba pues oculto a la vista e imposible de comprobar su sección".*

*En consecuencia, a deficiencia no anclaxe da pasarela débese a unha pésima execución do proxecto, pero tamén a unha negligente dirección, cuestión recoñecida polo arquitecto director de obras ó afirmar con data 11 de marzo de 2016 "este defectuoso anclaje ..... se ejecutó sin la supervisión de la dirección de obra", salvedade esta de que se executaron unidades de obra sen a súa supervisión que non aparece na acta de recepción positiva da obras asinada o 15/09/2010, polo que, case con toda seguridade, de ter lugar unha dirección de obras adecuada probablemente a obra non adolecería dese defectuoso anclaxe.*

*Cuarto.- A última cuestión que debemos analizar refírese a si operou o instituto da prescrición en relación ós gastos contratados polo Concello de Lán cara.*

*O instituto da prescrición é o mecanismo en virtude do cal se produce, de modo anormal, a extinción dos créditos existentes contra a entidade local polo simple transcurso de certo período de tempo sen que o acredor exercite o seu dereito. A lexislación aplicable está constituída pola Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria (LXP), que no seu artigo 25.1.a) establece que prescribirá ós catro anos o dereito ó recoñecemento ou liquidación pola Facenda Pública, neste caso local, de toda obriga que non se solicitara coa presentación dos documentos xustificativos; contándose o prazo desde a data en que se concluíu o*

---

## **Concello de Lán cara**



servizo ou a prestación determinante da obriga ou desde o día en que o dereito puido exercitarse.

O feito de que Diurbagal Galicia, SL non presentara a factura polos traballos realizados en xaneiro de 2011 ata o 30/04/2015 imposibilitou o recoñecemento da obriga polo Concello de Láncara e o seu posterior pago.

*Conclusións.-*

*Primeira.- A pasarela sobre o río Neira é arrastrada pola crecida do río dentro do prazo de garantía de un ano las obras polo que o contratista debe responder das deficiencias da execución do contrato.*

*Segunda.- A contratación verbal das obras de reparación sen seguir o procedemento legalmente establecido no artigo 235.3 da TRLCSP vician de nulidade os actos administrativos que traen causa na dita contratación.*

*Terceiro.- A falta de supervisión e vixilancia por parte da dirección de obra durante a execución do contrato, deixan expedita a posibilidade de que o contratista (único interviniente na execución da obra que soportou os gastos de reparación da pasarela consecuencia da súa deficiente anclaxe) lle esixa o reintegro da parte dos gastos soportados no seu caso se consegue demostrar o tanto de culpa que á dirección de obras lle corresponde.*

*Cuarto.- A falta de presentación da factura dentro dos catro anos seguintes á realización da prestación impide que o Concello de Láncara poida recoñecer a obriga, de ser posible, por ter operado o instituto da prescrición do artigo 25.1.a da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria.*

*Polo exposto, propónse a adopción do seguinte acordo:*

*Devolver a factura nº A/10 de 30 de abril de 2015 emitida por Diurbagal Galicia, SL, en concepto de "Recuperación da pasarela sobre o río Neira na ponte de Escoureda que foi desprazada ca baixada dos residuos procedentes de escombros de todo tipo que se toparon ca pasarela arrastrándoa de forma descendente hacia a dereita enclavándoa na beira dereita sendo necesaria unha grúa para poder asentala e arranxala na posición orixinal e logo colocación da rampa de acceso á ponte con madeira de pino tratada en autoclave", por importe de 5.428,06 euros, IVE incluído, de 30 de abril de 2015, polos motivos expostos no presente informe.*

*E canto teño a ben informar en A Pobra de San Xiao (Láncara), a 8 de maio de 2016".*

Polo exposto, propónse ó pleno a adopción da seguinte proposta de resolución:

**Primeiro.-** Devolver a factura nº A/10 de 30 de abril de 2015 emitida por Diurbagal Galicia, SL, en concepto de "Recuperación da pasarela sobre o río Neira na ponte de Escoureda que foi desprazada ca baixada dos residuos procedentes de escombros de todo tipo que se toparon ca pasarela arrastrándoa de forma descendente hacia a dereita enclavándoa na beira dereita sendo necesaria unha grúa para poder asentala e arranxala na posición orixinal e logo colocación da rampa de acceso á ponte con madeira de pino tratada en autoclave", por importe de 5.428,06 euros, IVE incluído, de 30 de abril de 2015, por falta de presentación da factura dentro dos catro anos seguintes

á realización da prestación, que impide que o Concello de Láncara poida recoñecer a obriga, de ser posible, por ter operado o instituto da prescrición do artigo 25.1.a da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria.

Segundo.- Outorgar a Diurbagal Galicia, SL o correspondente trámite de audiencia, de conformidade co disposto no no artigo 84.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a fin de que no prazo de dez días poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.

Terceiro.- Facultar ó alcalde para resolver definitivamente o expediente dando conta ó pleno na primeira sesión que se realice”.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do concelleiro do grupo municipal popular, señor Neira Castro: “Isto xa o votamos máis veces”.

O concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz: “Todos sabemos que esta xente fixo traballos a maiores”.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (once), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Devolver a factura nº A/10 de 30 de abril de 2015 emitida por Diurbagal Galicia, SL, en concepto de “Recuperación da pasarela sobre o río Neira na ponte de Escoureda que foi desprazada ca baixada dos residuos procedentes de escombros de todo tipo que se toparon ca pasarela arrastrándoa de forma descendente hacia a dereita enclavándoa na beira dereita sendo necesaria unha grúa para poder asentala e arranxala na posición orixinal e logo colocación da rampa de acceso á ponte con madeira de pino tratada en autoclave”, por importe de 5.428,06 euros, IVE incluído, de 30 de abril de 2015, por falta de presentación da factura dentro dos catro anos seguintes á realización da prestación, que impide que o Concello de Láncara poida recoñecer a obriga, de ser posible, por ter operado o instituto da prescrición do artigo 25.1.a da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria.

Segundo.- Outorgar a Diurbagal Galicia, SL o correspondente trámite de audiencia, de conformidade co disposto no no artigo 84.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a fin de que no prazo de dez días poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.

Terceiro.- Facultar ó alcalde para resolver definitivamente o expediente dando conta ó pleno na primeira sesión que se realice.

---

### **Concello de Láncara**

**10.- Proposta de alcaldía relativa á reclamación que formula don David Miranda Barros coordinador responsable do equipo da redacción do Plan xeral de Ordenación do Concello de Lánacara dos honorarios en relación cos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).**

Deuse lectura á proposta epigrafada que é do seguinte teor literal:

“Proposta de alcaldía relativa á reclamación que formula don David Miranda Barros coordinador responsable do equipo da redacción do Plan xeral de Ordenación do Concello de Lánacara dos honorarios en relación cos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Como ben saben os señores concelleiros a empresa redactora do Plan xeral de Ordenación municipal do Concello de Lánacara ten formulado unha reclamación de honorarios por traballos feitos e non incluídos no contrato inicial de data 24 de novembro de 2015.

Polo tanto faise necesario dar unha resolución expresa á empresa contratista, logo dunha análise do expediente por parte da intervención municipal.

Con data 18 de maio a secretaria interventora emite o seguinte informe que se transcribe:

*“Informe.- Honorarios solicitados pola adxudicataria do PXOM sobre traballos non incluídos no contrato inicial.*

*Antecedentes.-*

*Primeiro.- Solicitud que formula don David Miranda Barros coordinador responsable do equipo da redacción do Plan xeral de Ordenación do Concello de Lánacara dos honorarios en relación cos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lánacara no incluídos no contrato inicial de data 24 de novembro de 2015.*

*Segundo.- Contrato de 28 de novembro de 2001 entre o Concello de Lánacara e o Laboratorio do Territorio (LaboraTe) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) de consultoría e asistencia técnica para a redacción do PXOM de Lánacara polo prezo de **77.609,47 euros**.*

*Constan modificacións de dito contrato nas seguintes datas:*

*- 15/10/2003, fixando o prezo definitivo do contrato en **116.240,39 euros**, consecuencia da solicitude de axuda para formulación do planeamento ó abeiro da orde de 24 de marzo de 2003, consecuencia da entrada en vigor da Lei 9/2002, de 28 de decembro de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, ó que se incorporan novos pregos de prescricións técnicas por esixencias da citada convocatoria. O acordo de modificación adoptase pola xunta de goberno local en sesión realizada o día 5 de agosto de 2005 por importe de 38.630,93 euros.*

*- 8/10/2004, de reaxuste de anualidades, dividindo de aprobación provisional en dúas fases polo mesmo importe.*

*- 31/08/2005, modificado do contrato, para incorporación de cartografía, por importe de **35.934 euros**. Polo que o prezo do contrato cífrase en **152.174,39***

---

**Concello de Lánacara**

**euros.**

- 8/04/2008, modificación contrato por reaxuste de anualidades.

O Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello de Lánacara apróbase definitivamente por Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 22 de febreiro de 2013

Terceiro.- Acordo do pleno do Concello en sesión realizada o día 9 de outubro de 2006 acreditativo do estado de execución do contrato co seguinte resumo:

a) 110.708,39 euros executados e pagados ata a aprobación provisional.

b) 47.056,55 euros pendentes ata a aprobación definitiva.

Cuarto.- Escrito do representante do equipo redactor de entrada no rexistro do concello o 30 de xaneiro de 2009 solicitando revisión de prezos do contrato de redacción do PXOM. En igual sentido escritos de 16 de abril de 2012 e de 9 de maio de 2013.

Por acordo plenario de 14 de abril de 2012 prestase aprobación a unha revisión de prezos por importe de 4.200 euros máis IVE.

Quinto.- Acordo do pleno do Concello de Lánacara en sesión realizada o **30 de outubro de 2013, co PXOM de Lánacara xa aprobado definitivamente**, do seguinte teor literal.

**"8º.-P.X.O.M: PROPOSTA ECONÓMICA DE TRABALLOS A MAIORES NO PXOM DE LANCARA NON CONTEMPLADOS NO CONTRATO INICIAL.**

Vista a proposta económica sobre traballos a maiores no PXOM de Lánacara, non contemplados no contrato inicial, por importe de 14.817,30 € máis IVE.

Por parte do Voceiro do PSG-PSOE, pon de manifesto que o seu partido vai rexeitar esta solicitude, xa que un traballo con un número tan elevado de erros non é de recibo solicitar prestación económica algunha e quere poñer entre outros moitos erros, o exemplo do Camiño Real, camiños particulares como públicos e que en parte os problemas que este Concello ten co Concello de O Corgo veñen derivados polo propio Director do equipo redactor D. Antonio De Vega Rodríguez, xa que on concello marcalle os límites por un lado e o outro marcallos polo outro, o estar facendo os dous plans xerais; un a traves da Universidade e o outro como empresa privada. Ademáis preguntase que si estos traballos foran encargados a nivel particular ninguen dos presentes os pagaría, sin que antes se correxira o gran número de erros que ten este traballo, polo que neste caso concreto tampouco se debe pagar. Proposta a que tamen se adhire o Conselleiro do BNG.

Preguntalle ao Secretario que si el tivera que facer un informe sobre este asunto en que sentido se pronunciaría: favorable ou desfavorable.

Por parte do Secretario contestaselle que en principio mentres non axa outras informacións da propia Consellería de Urbanismo ao respecto o su informe sería desfavorable, en base a:

-Estabilidade presupuestaria do orzamento.

-Regra do gasto.

-Descoñecemento si certos traballos foron subvencionados ou non.

-Obrigas que se derivan do Prego de prescricións técnicas e do propio contrato co número de copias que se deben aportar.

-Pagos xa realizados a maiores por outros traballós ano 2010.

-Posible incompatibilidade, como manifestou o voceiro do PSG-PSOE.

Considera que se debe pedir un informe a Secretaría Xeral de Urbanismo, quen subvencionou por duas veces a redacción do plan, que remitiu o Prego de prescricións técnicas e que deu o visto bo o Prego de condicións, estando representada incluso na mesa de contratación polo Xefe Territorial de Lugo, D. José Luís Losada.

---

## Concello de Lánacara

Considera necesario pedir un informe o Consello Consultivo da Xunta, unha vez que se teña a información pertinente da Secretaría Xeral de Urbanismo.

Visto que no ano 2009, xa se lle recoñeceu unha proposta económica a maiores do contrato de 6.000,00 máis IVE, cantidade que se lle pagou no ano 2010, e no ano 2012 recoñeceuella a cantidade de 5.082,00 €.

Visto que os traballos de execución do plan foron adxudicados a Universidade de Santiago de Compostela, Laboratorio do Territorio (LaboraTe)

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Rexeitar a proposta económica presentada por D. Antonio de Vega Rodríguez, Director do Equipo Redactor do PXOM.

2º.-Remitir copia do escrito a Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Urbanismo, ó obxecto de que se nos informe sobre a posible duplicidade de traballos subvencionados e recollidos nesta proposta, xa que o resto da documentación (Prego de condicións, prescricións técnicas, etc) xa obran nese Servizo

3º.-Unha vez que se dispoña deste pedir informe o Consello Consultivo da Xunta.

4º.-Dar traslado deste acordo ao Laboratorio Territorial da USC de Compostela en Lugo.

5º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto”.

Sexto.- Acordo do Pleno do Concello en sesión realizada o día **18 de decembro de 2014**

“OFERTA DE PRESENTACIÓN DE SERVIZOS QUE REALIZA A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SOBRE AXUSTES NOS VIAIS EN VARIOS NÚCLEOS DO CONCELLO DE LÁNCARA, ASÍ COMO A CORRECCIÓN DALGUNHA FICHA DE CATÁLOGO DE PATRIMONIO, NO MARCO DO PXOM.

Vista a oferta económica presentada por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Vega Fernández, Oficina de Investigación e Tecnoloxía da USC, para axustes nos viais en varios núcleos do Concello, así como a corrección dalgunha ficha do catálogo de patrimonio, período de realización 15 de decembro de 2014 a 15 de xuño de 2015, investigador responsable prof. D. David Miranda Barros, por importe de 14.817,30 € máis IVE., facturación:

Primeira fase: aceptación do traballo 50% (7.408,65 €+ IVE)

Segunda fase: entrega no Concello da documentación coas correccións para remitir á Xunta, 30% (4.445,19€ + IVE)

Terceira fase: Validación da Secretaría Xeral de Urbanismo, 20% (2.963,46 € + IVE).

Traballo a desenvolver: xustificación, obxectivos e cronograma

Toma a palabra o Concelleiro D. Pablo Rivera Capón, manifestando que se vai dar cobertura a tódolos erros que se detecten dende agora ata xuño, aclarando o Secretario que se tramita só por vía de erros non por modificacións.

Por parte do Sr. Alcalde concédelle a palabra o técnico redactor do PXOM, para que faga as oportunas explicacións, considerando que hai erros imputables os redactores, donde se puxo unha capela e é unha palleira, traballos que se fixeron como consecuencia das modificacións da lei, etc. traballos que non estaban contemplados no Prego e que se trata de traballos extra que pedimos reivindicalos, que xa pasaron 17 meses e que todo está igual, polo que presentan unha proposta.

Polo Sr. Alcalde manifesta que non está en contra de pagar ou non, que solo quere que o pago sexa legal, que non nos cree problemas, que informe o Sr. Secretario si é legal ou non, agora que todos estamos aquí, todos debemos tomar parte.

Polo Sr. Secretario infórmase que ten moitas dúbidas que o problema máis

---

## Concello de Lánacara

*gordo son os tempos o 22-02-14 aprobase definitivamente o plan xeral a Dirección Xeral de Urbanismo pide un texto refundido que en principio habería que interpretalo como algo que estaba dentro do contrato, e que por parte do equipo redactor non puxo de manifesto que esto supoñía un gasto adicional, presentando logo unha proposta económica por parte dos redactores deste gasto, polo que hai un problema administrativo, para poder afrontar este pago.*

*Por parte do concelleiro Pablo Rivera Capón pon de manifesto que fixeron un traballo que non se lles pagou, pero como pagas ese traballo si non hai compromiso de gasto, nin autorización de gasto o traballo está feito, podese verificar, que ninguén pon en dúbida, estou convencido de que fixestes todo.*

*Piden a palabra os técnicos redactores do proxecto dando unha ampla explicación, recoñecendo que si pode haber un problema administrativo, quizas debido a que a documentación se debía facer contra reloxio polos prazos que se daban.*

*O Pleno, por unanimidade,*

*ACORDOU:*

*Deixar o asunto sobre a mesa para un mellor estudo, facendo unha consulta os servizos de contratación da Deputación e os servizos xurídicos da Deputación".*

*Sétimo.- A día de hoxe non constan incorporados ó expediente ningún dos informes requiridos nin do funcionario titular da secretaría naquela data.*

*Consideracións xurídicas.-*

*Primeira.- Normativa aplicable.-*

*Ó contrato de consultoría e asistencia para a execución dos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Láncara de 28 de novembro de 2001, asinouse baixo a vixencia do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e esta é a normativa de aplicación, xa que a DT 1ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), (BOE núm. 261 de 31/10/2007), establece que "os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación están iniciados se estivera publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato". A lei 30/2007 entrou en vigor o 1 de maio de 2008.*

*Segunda.- Da modificación do contrato.*

*O artigo 13 do TRLCAP establece que "O obxecto dos contratos deberá ser determinado e a súa necesidade para os fins do servizo público correspondente xustificarse no expediente de contratación".*

*O artigo 59 do mesmo texto legal, ó regular as prerrogativas da Administración establece que "Dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.*

*Os acordos correspondentes poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.*

*No correspondente expediente se darase audiencia ó contratista".*

*A modificación dos contratos administrativos regúlase nos artigos 101 e seguintes do TRLCAP. O artigo 101 é do seguinte teor literal:*

*"1. Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razón de interese público nos elementos que o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente".*

*Son causas de resolución do contrato de consultoría e asistencia, ó abeiro do*

---

## **Concello de Láncara**

artigo 214 do TRLCAP, ademáis das sinaladas no artigo 112 e seguintes:

“As modificacións no contrato, aínda que foran sucesivas, que impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato no momento de aprobar a respectiva modificación, en contía superior, en máis ou en menos, ó 20 por 100 do importe de aquél ou representen unha alteración substancial do mesmo. Os contratos complementarios a que se refire o artigo 199.3 só se resolverán cando se resolva o contrato principal.

Estamos pois, perante un suposto de resolución contractual xa que o prezo final do contrato excede nun 100% do prezo inicialmente pactado logo das sucesivas modificacións operadas nel, xa que **o importe inicial cifrouse en 77.609,47 euros, alcanzando os 152.174,39 euros logo da modificación de agosto de 2005, máis 4.200 euros máis IVE acordados no ano 2012.**

Terceira.- Da duración e revisión de prezos do contrato.

A cláusula terceira do contrato administrativo de consultoría e asistencia para a redacción do PXOM de Láncara establecía como prazo de execución dos traballos 20 meses contados dende a data de formalización (28/11/2001). A realidade é que este contrato e as súas sucesivas modificacións resumidas nos antecedentes do presente informe tivo unha vixencia de máis de 11 anos.

O artigo 199 do TRLCAP establece que “Os contratos de consultoría e asistencia e os de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas presupostarias das Administracións Públicas, pero poderá preverse no mesmo contrato a súa modificación e a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización de aquél, sen que a duración total de contrato incluídas as prórrogas, poida exceder de seis anos”.

Non obstante, e a pesar da claridade deste precepto legal, o maior problema co que nos atopamos neste punto é que o incumprimento dos prazos soe ser debido máis ben a unha actuación pouco dilixente de calquera das Administracións que interveñen no procedemento.

Sendo o prazo de duración do contrato un requisito esencial, o seu incumprimento é causa de resolución do contrato en virtude do artigo 111 TRLCAP. A resolución do contrato daría lugar á súa liquidación conforme ó artigo 215.1 do TRLCAP, con dereito do contratista a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente realizaran con arranxo o contrato e que foran recibidos pola Administración.

Pero non consta petición de resolución do contrato algunha por parte da adxudicataria dos traballos, pero si continuas peticións de revisión de prezos (30 de xaneiro de 2009, 16 de abril de 2012 e 9 de maio de 2013, esta última é a que se reitera o 24 de novembro de 2015 e que é obxecto do presente informe) que son de imposible aplicación polo seguinte:

- A revisión de prezos non pode acordarse sobre un contrato caducado polo transcurso do prazo máximo de catro anos establecido no artigo. 198 do TRLCAP para este tipo de contratos

- O artigo 103.3 do TRLCAP, referido con carácter xeral á revisión de prezos nos contratos da Administración dispón que “o prego de cláusulas administrativas particulares deberá detallar a fórmula ou sistema de revisión aplicable e, en resolución motivada, poderá establecerse a improcedencia da mesma que igualmente deberá facerse constar en dito prego”.

O prego de cláusulas administrativas particulares, respecto á revisión de prezos establece na súa cláusula 18ª que no presente contrato non haberá revisión de prezos. E esta exclusión parece lóxica xa que a súa aplicación colisiona con outros principios básicos como poden ser, o principio de risco e ventura do contratista durante a execución do contrato, a esixencia de establecer un prezo

---

## Concello de Láncara

*certo ou a inalterabilidade do contrato, conforme ó principio pacta sunt servanda.*

*Conclusións.-*

*A duración do contrato de consultoría para a redacción do PXOM do Concello de Láncara superou con creces as posibilidades de duración máxima incluídas as prórrogas.*

*A modificación do contrato contrato de consultoría para a redacción do PXOM do Concello de Láncara superou con creces as posibilidades de modificación en máis ou en menos do 20% do prezo primitivo, polo que as novas esixencias da normativa sectorial alegada pola adxudicataria para xustificar os maiores traballos non incluídos no contrato inicial estarían incluídas nun suposto de resolución do contrato co dereito da adxudicataria a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente realizaran con arranxo o contrato e que foran recibidos pola Administración.*

*Por último, compre recordar que a prestación do expediente de redacción dunha figura de planeamento xeral é un documento complexo, con varias fases de aprobación, exposición ó público e petición de numerosos informes sectoriais. Os novos documentos que os diversos cambios lexislativos puideran establecer para a aprobación do PXOM non son suficientes para xustificar unha modificación contractual, xa que o contido dos documentos que integran o planeamento xeral non é algo que se poida determinar de antemán, pois, entre outras razóns, a súa redacción definitiva quedará sempre supeditada ó resultado do proceso de acordo e negociación que necesariamente deberá iniciarse cos particulares e as Administracións afectadas, para tratar de conxugar os diversos intereses en xogo. Neste sentido, cabe recordar como os frecuentes requirimentos efectuados polos órganos autonómicos ós Concellos, obrigan a éstos, e consiguientemente, tamén ós redactores do planeamento, á modificación dalgúns dos aspectos inicialmente contemplados no modelo territorial proposto.*

*Polo que a maior carga de traballo alegada e realizada non resulta suficientemente acreditada, e aínda no hipotético caso de que o contratista considerara que o contrato se modificou sustancialmente, e para xustificar a súa reclamación chegara a alegar o desequilibrio económico para aplicar a revisión de prezos, resulta que tal petición é extemporánea e que debeu manifestalo durante a vixencia do contrato, cuando estaba, incluso, facultado para exigir a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 214, letra c) do TRLCAP.*

*Polo exposto, conclúo que a petición de novos honorarios por parte do equipo redactor do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Láncara non pode prosperar, toda vez que están esgotadas as posibilidades de modificación contractual posibles durante a vixencia do contrato.*

*E canto teño a ben informar en A Pobra de San Xiao (Láncara), a 18 de maio de 2016”.*

*Polo exposto, propónse ó pleno a adopción da seguinte proposta de reolución:*

*Primeiro.- Desestimar a solicitude formulada por don David Miranda Barros coordinador responsable do equipo da redacción do Plan xeral de Ordenación do Concello de Láncara de reclamación de honorarios en relación cos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) polos motivos expostos xa que formulou tal petición extemporaneamente unha vez extinguida a vixencia do contrato.*

*Segundo.- Outorgar a don David Miranda Barros, responsable director dos traballos realizados polo Laboratorio do Territorio*

---

### **Concello de Láncara**



(LaboraTe) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) o correspondente trámite de audiencia, de conformidade co disposto no no artigo 84.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a fin de que no prazo de dez días poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.

Terceiro.- Facultar ó alcalde para resolver definitivamente o expediente dando conta ó pleno na primeira sesión que se realice”.

Ó non producirse o debate, e sometido o asunto a votación, o Pleno do concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (once), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Desestimar a solicitude formulada por don David Miranda Barros coordinador responsable do equipo da redacción do Plan xeral de Ordenación do Concello de Láncara de reclamación de honorarios en relación cos traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) polos motivos expostos xa que formulou tal petición extemporaneamente unha vez extinguida a vixencia do contrato.

Segundo.- Outorgar a don David Miranda Barros, responsable director dos traballos realizados polo Laboratorio do Territorio (LaboraTe) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) o correspondente trámite de audiencia, de conformidade co disposto no no artigo 84.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a fin de que no prazo de dez días poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.

Terceiro.- Facultar ó alcalde para resolver definitivamente o expediente dando conta ó pleno na primeira sesión que se realice.

**11.- Acordo, se procede, sobre a entrega por parte do Concello das sinaturas dos veciños sobre a Ponte de Valdriz.**

Como sabedes os veciños estiveron a recoller sinaturas polo tema da estrada de Láncara a Puebla, a proposta é que todos os voceiros asinemos un escrito solicitando unha xuntanza con Feijóo, porque xa sabedes que o teño tentado e aínda non conseguín que me recibira.

De seguido o señor alcalde amosa un escrito de petición de entrevista ó presidente da Xunta.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, di que nos dirixamos primeiro ó director xeral, á conselleira, e despois ó presidente.

O señor alcalde dille que ó director xeral xa lla pediu e coa conselleira estiveches ti e non nos dan nada.

---

## Concello de Láncara

A continuación prodúcese entre o alcalde e o voceiro do grupo municipal popular unha discusión sobre as subvencións denegadas por parte da Xunta ó Concello. O voceiro di que se debe a defectos de tramitación por parte do Concello, e o señor alcalde di que as denegacións se deben a criterios políticos.

Os concelleiros por unanimidade acordan dirixirse á Presidencia da xunta para tratar o tema da ponte de Valdriz.

## **12.- Mocións dos Grupos.**

A continuación, o señor alcalde da conta de dúas mocións do grupo municipal popular que son as seguintes:

**“Moción para a realización de cursos destina dos a obtención do título de manipulador de Produtos Fitosanitarios:**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Concello de Láncara ten como actividade económica principal o sector primario agrogandeiro. Para levar a cabo dita actividade, os veciños necesitan empregar produtos fitosanitarios como herbicidas, plaguicidas ou insecticidas. A lexislación actual esixe estar en posesión dunha Titulación específica para poder mercar e utilizar estes produtos químicos. A Consellería do Medio Rural está a desenvolver cursos destinados á formación e obtención desas titulacións. Estes cursos teñen unha demanda moi alta e véñense realizando a través das Oficinas Agrarias Comarcales e dos Centros de Formación Agraria. Por outra banda, tamén existen empresas autorizadas que imparten cursos homologados. Achegamos presupostos orientativos.*

*Por todo o exposto, o PP de Láncara propón o seguinte*

### **ACORDO**

*Que se organicen dende o Concello cursos para a obtención dos Títulos de Manipulador e Aplicador de Produtos Fitosanitarios”.*

**Moción relativa á “LIMPEZA, DESBROCE E ADECENTAMENTO DOS ÚNICOS CAMPOS DE FÚTBOL DO CONCELLO DE LÁNCARA. MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**


### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Para o PP de Láncara, a práctica de deporte é polo tanto o impulso de hábitos de vida saudables, é unha prioridade e así o reflexabamos no noso programa electoral. Por contra, atopámonos coa indiferencia do equipo de goberno neste asunto, e así constatamos o total abandono no que se encentran os campos de*

---

## **Concello de Láncara**

*fútbol de Armea e Puebla.*



*Polo exposto, o PP de Láncara propón o seguinte ACORDO*

*Polo exposto, o PP de Láncara propón o seguinte ACORDO*

*Que se tomen medidas urxentes dende o Concello para conservar e adecentar os campos de fútbol e outras instalacións deportivas do Concello”.*

Continúa o señor alcalde dicindo que estas mocións non se poden debatir nin votar. A primeira porque xunta un presuposto dunha empresa privada unido á moción e a segunda porque pide unha intervención en terreos de propiedade privada”.

Intervén o concelleiro do grupo municipal popular, señor Fernández Fernández: “Nós representamos ós veciños”.

O señor alcalde: “Xa dixen que non se pode adoptar o acordo desta moción porque non é de titularidade pública”.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Xa se están desbrozando outros terreos que tampouco son do Concello: subindo ó cemiterio, os da RENFE, ... Ós veciños pedíronnos que fixeramos esta petición. Debe ser que che din a ti unha cousa e a nós outra”.

O señor alcalde: “A moción estaría mellor se facultase ó alcalde a negociar cos veciños. O Monte de Armea ata estivo na PAC, é privado”.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Que conste en acta que non se quere facer, que o alcalde non quere. Négaste porque o propón o PP”.

O concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz: “Pódense intentar as xestións. Acordámonos agora disto, igual que vos da antena”.

O voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: “Sempre desbrozaron eses terreos os veciños”.

---

### **Concello de Láncara**

O señor alcalde: "En todo caso para desbrozar hai que ter permiso".

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "E a moción do curso de fitosanitarios tampouco".

O señor alcalde: "Ti cres que se pode vir ó pleno cunha oferta dunha empresa privada?",

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "A vosa é máis cara, non sei que xestións fixestedes".

O señor alcalde di: "Este tío é tonto".

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "Non falte, 60 euros é máis barato que 70".

O señor alcalde: "A nosa costa cero euros ó Concello e dis que é máis barata".

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "Claramente a nosa é máis barata. Fixeron unha mala xestión, non miraron polos veciños, nin polos presupostos máis baratos. Para pagar troitas e mexillóns si teñen cartos, para facer un curso ós veciños, non".

O voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: "Pero vostede desfruta das festas. Procure presentar as propostas en tempo e forma que se qadapte ó legalmente establecido e discutimolo".

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "É cuestión de vontade".

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: "O calificativo do alcalde ó voceiro popular non está á altura da sala na que estamos".

(Prodúcese un momento de tensas intervencións nas que o señor alcalde retira a palabra o voceiro do grupo municipal popular e outros concelleiros porque non está no seu turno)

O señor alcalde: "E que está mintindo".

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: "Iso non xustifica o calificativo, pode retíralo".

O señor alcalde pregunta á secretaria municipal sobre a legalidade de adoptar acordos sobre esas mocións.

A secretaria informa que esas mocións que se dirixen ó pleno formulando peticións sobre materias que non son competencia do pleno, darían lugar a acordos nulos de pleno dereito, polo que o seu tratamento correcto na orde do día do pleno é darlles a consideración

---

## **Concello de Lán cara**

de mocións. A distribución competencial fai que o alcalde teña unhas competencias e o pleno outras. Os acordos de pleno sobre asuntos de competencia da alcaldía non vinculan, porque son nulos por incompetencia.

O concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz pregunta entón para que serven todos os acordos tomados. Todos estamos para aportar ideas, se non se debaten unhas tampouco se deben debater outras. E non me gusta iso de mandar calar.

O señor alcalde. "Tampouco me gusta ter que intervir para manter a orde, pero dende ese momento todos entendémonos mellor".

O concelleiro do grupo municipal popular, señor Fernández Fernández: "É triste que non debatamos unha moción que foi redactada con tanta ilusión".

O señor alcalde: "Fixéchela con ilusión, pero tes que facela legal, hai que propoñer cousas que se podan facer. Pido desculpas se molestei a alguén, pero hai que manter a orde nos debates e respectar os turnos".

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "Pero se poden discutir ou non?"

O alcalde di: "Levamos un rato discutindo".

Continúa o señor alcalde da conta de dúas mocións do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo, que son as seguintes:

### **"MOCIÓN sobre a situación do Camiño das Costas na Barboa**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O camiño das Costas, que sae da Barboa e remata na pista que sae de Sebrín cara o cruce coa pista entre Vilaleo e Chao atopase nun pésimo estado de conservación, cun firme moi irregular e cunha anchura mínima, que co paso da maquinaria de traballo vai empeorando ano tras ano. A pesar da importancia social do camiño co acceso a gran cantidade de fincas, a súa anchura mínima e o mal estado do firme impide un normal desenrolo do traballo agrícola e gandeiro da zona.



Polo exposto, o BNG de Láncara somete á consideración do pleno o seguinte:

**ACORDO**

Que o Alcalde deste Concello realice as xestións oportunas e, con fondos propios ou doutras administracións, acometa a rexeneración”.

**“MOCIÓN sobre a situación do vello camiño que une Outeiro e a Pedreira**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O vello camiño que comunica Outeiro coa Pedreira, que da servizo tanto a explotacións gandeiras coma varias fincas, atópase nun estado de conservación que impide un acceso seguro aos camións e maquinaria necesaria tanto para a explotación coma as fincas colindantes. Por outra parte, hai un corte de pequenas dimensións na metade do camiño que une os dous núcleos, impedindo a apertura dunha nova saída na Pedreira.



Polo exposto, o BNG de Láncara somete á consideración do pleno o seguinte:

**ACORDO**

Que o Alcalde deste Concello realice as xestións oportunas e, con fondos propios ou doutras administracións, acometa a rexeneración do camiño, para que poida ser transitable pola maquinaria necesaria para o traballo das explotacións e do agro”.

Estas mocións segundo consta na documentación que temos nas oficinas municipais afectan a camiños veciñais, aínda que a aparencia é de públicos.

---

**Concello de Láncara**

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: "Por iso procuramos ser prudentes e nas mocións pídesse que polo alcalde se fagan as xestións oportunas".

O señor alcalde: "A secretaria ó facer a orde do día dime que estos non son acordos de competencia de pleno, que serían rogos. Temos moita necesidade de facer un inventario de camiños, son camiños necesarios, pero na documentación constan como veciñais".

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: "Non se pode dar facilidades ós veciños?, darlles vales de zahorra, ..., colaborar con eles".

O señor alcalde: "O que se podería é dar subvencións ós veciños, e despois que xustificuen os gastos".

O concelleiro do grupo municipal popular, señor Neira Castro: "O diñeiro público débese gastar en sitio público".

O Pleno tomou razón.

### **13- Asuntos de urxencia.**

Non houbo.

### **14.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.**

Deuse conta dos decretos desde o un de marzo de 2016, número 33 ata o 29 de abril de 2016, co número 69.

O pleno tomou coñecemento.

### **15.- Rogos e preguntas.**

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo, formula os seguintes:

#### ***ROGOS E PREGUNTAS***

##### *SITUACIÓN DOS VADOS NA POBRA DE SAN XIAO.*

*Nestes días estase pasando ó cobro os recibos polas anualidades dos vados. Por qué se están a pasar os recibos correspondentes as anualidades do 2015 e 2016 en maio deste ano? Xa que en febreiro do ano pasado aprobouse unha taxa de 12 euros, por qué se pasa ó cobro unha taxa de 21,63 euros?. Por outra parte sería positivo que cos medios de comunicación existentes (páxina web, redes sociais) se informase con anterioridade ós veciños da cobranza destes recibos, tanto da cantidade anual como de que se pasan o cobro dúas anualidades.*

##### *SITUACIÓN DA ILUMINACIÓN NO NÚCLEO DE SAA*

*O camiño entre a parte alta de Saa e a Cantina atópase defcientemente iluminada. A este falta de iluminación súmase a*

---

## **Concello de Lánacara**

*creación de lama a partir das follas e os ourizos que caen das árbores, facendo deste tra xecto moi perigoso para os veciños. Sería importante a instalación dun punto de luz entre a Casa de Meilán e a Casa de Cabana para evitar esta situación, a parte da pode de canas dos árbores que fomentan a creación de lama no camiño.*

O señor alcalde explica que a modificación do importe da taxa de vados é de marzo de 2015, e o devengo do imposto xa se tiña producido, polo que a taxa de 12 euros aplícase a partir de 01/01/2016. Por outra banda, o que si fixemos foi regularizar o padrón de vados, e que se estableza previa solicitude de interesado”.

Respecto da iluminación do núcleo de SAA, entendo que se non se cortan as árbores non ten sentido. Fun de noite.

O concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz, di que o tendido de cable está caído, está suxeito a dúas maceiras. Tamén formula a seguinte **pregunta**:

**1)**“Señor Rivera, por que non veñen recursos para Láncara, a Sarria foron 300.000 euros da Deputación. E quero lembrar a estrada de Muro a Láncara, foi unha promesa electoral”

O voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón dille que claro que virán recursos da Deputación.

**2)**Xa puxeches pedáneo en Trasliste? Atopaches alguén de confianza?

O señor alcalde contesta que si, e que é de confianza.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez; formula as seguintes **preguntas**:

**1)**Coincidín con algún veciño que me di que en Vilouzán a recollida de lixo non se fai., parece que o camión patina, que non chega.

O señor alcalde di que xa falou coa empresa e que o servizo hai que facelo. Que si non poden acceder a algún lugar que nolo digan.

**2)**Non sei se xa viñeron tomar mostras da auga da praia fluvial, tomarana da piscina de nenos, e desa mostra dependerá a súa cualificación para o baño.

O señor alcalde di que xa sabe, e que hai que facer melloras nesa piscina.

**3)**Gustariame que recoñecera que perdemos a subvención que pedimos con Sarria por un erro municipal. Teño copia da inadmisión para quen a queira ver.

O señor alcalde pide que conste en acta que esas copias son do

---

### **Concello de Láncara**



Concello. Entre as subvencións que pedimos aínda non sabemos de algunhas delas (sinalización Camiño Real, Aforro enerxético,...). Déronnos un socorrista en cooperación, as de Presidencia nolas denegaron por non acadar a puntuación mínima, claro que 40 puntos dependen de xuízos de valor, e a que pedimos con Sarria porque eran varias actuacións, se houbera intención de darnos a subvención teríannos requirido para emendar o erro, como outras veces.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, di que as bases publícanse no DOG, para todos igual, é moi triste que non consigades nada para o Concello.

O señor alcalde di que cometimos un erro, pero puideron darnos un prazo de subsanación.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez di que cometeron dous erros: facelo mal e botar a culpa ó PP.

E non sendo outro o obxecto deste debate levántase a sesión ás vinte e unha horas e vinte minutos, do que eu, secretaria da Corporación redacto a presente acta, dou fe.